



Eu creo que será certo  
que lin nunha revista  
que os mellores industriais  
salimos da terra da chispa.

Por toda a rexión galega  
por calquer sitio que queira  
siempre se oien os de Ourense  
vocear desta maneira:

Afilador e paragüero,  
arreglo fuentes e platos,  
compro caldeiras de cobre,  
gomas vellas e farrapos.

Pero os que arreglan paraguas  
sartenes e porcelanas  
tamén teñen o costume  
de subir por las ventanas.

Miña irmán tiña unha filla  
duns vinte anos e pico  
non deixaban terlle novio  
hasta que chegara un rico.

Ela ben o merecía,  
era unha moza elegante  
tiña unha casa ben feita  
cun bon lameiro por diante.

Como si fora un castigo  
ou o demo o atentou  
co paragüero de Ourense  
con sencillez a enganou.

Pra poder estar con ela  
subiuse polas ventanas  
alá pola media noite  
cando xa estaban na cama.

Miña irmán e meu cuñado  
ó sabe-lo acontentado  
empezaron a gritar:  
“Eso era un allarido.”



Mais eu funos contemplando,  
chorar é perde-lo tempo,  
buscamos a paragüero  
e tratouse o casamento.

Pero agora condenado  
non se quere sujetar  
sempre lle dice as veciñas:  
“¿Tendes algo que arreglar?”

Algúas non lle fan caso  
pero outras vano buscar  
facendo como que teñen  
un clavo que remachar.

Dice a maestra do pueblo  
que é unha persona lista:  
“Non hay piores canallas  
ca son os da terra da chispa.”

Xa perdín ata o forro do gorro. (...)

Este ano vai vir bon vrau  
que veu moi mal inverno,  
Dios nos de moitas cosechas  
pra que se acabe o estraperlo.

Rapazas traballadoras,  
non hay quen dea con elas,  
sin embargo estraperlistas  
encóntranse un montón delas.

As mulleres co estraperlo  
asquiren moito valor,  
atrévense a ver un merlo  
frente a un cazador.

Hainas que ó salir da casa  
danlle un abrazo ó marido  
pero ó chegar a outro sitio  
danlle catorce ó querido.

Cando se acabe o estraperlo  
que muito non vai tardar,  
que farán estas neniñas  
que non saben traballar.

Farán como fixo un día  
a filla do tío Benito  
que ó verse cun mariñeiro  
por un duro dillo un bico.